

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2008**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de decembro deste ano, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Segunda Tenenta da Alcalde, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, en funcións de Alcaldesa, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 3 de decembro de 2008.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase conceder a licenza municipal de instalación da ampliación da axencia de transportes con licenza de apertura 399/2007, e de licenza de obras de ampliación de planta baixa e construción de planta primeira na fronte da nave existente, na rúa do Comercio, parcelas 164-165; e a licenza municipal de instalación, e de licenza de obras para un almacén aberto para forraxes e apeiros de labranza en Aldea de Abaixo, Rubiás.

Tamén se acorda conceder as licenzas de instalación das seguintes actividades: un local de reunión de asociación relixiosa na rúa Afonso X O Sabio, número 27, local 11; e para exposición e venda de roupa na praza de Santo Domingo, número 18, esquina rúa Armanyá, número 2, baixo e soto.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de edificacións sitas na prolongación Armando Durán, números 13-21; para reestruturación total e ampliación de edificio, así como demolición de alpendre apegado á muralla romana, na praza de Ferrol, número

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/mbfc

Refª: 08extractoxg55.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-12-2008

17; para demoler a edificación sita na rúa Milagrosa, número 79; para reforma e construción de garaxe na vivenda unifamiliar sita en rúa Padre Sarmiento, número 83; para construción de edificio composto de planta baixa, entresollado e tres plantas altas para uso de vivenda unifamiliar na rúa Esquecemento, números 4-6; para instalación de ascensor no edificio sito na calzada das Gándaras, número 115; para legalización das obras de reforma interior de plantas soto, baixa e entresollado nas oficinas da sucursal bancaria sita na rúa da Raíña, número 5; para ampliación de aproveitamento de superficies nas plantas altas do edificio en obra e con licenza anterior número 721/08, composto de planta baixa para local sen uso definido, rochos e acceso a tres plantas altas e baixo cuberta para 6 vivendas, 1 en dúplex, sito na rúa Nova, número 5; para obras de adecuación e cambio de uso da vivenda 1º b, a oficina no edificio construído coas licenzas números 760/70, 69/71 e 208/73, sito na rúa Río Neira, número 23; para cambio de uso a garaxe aparcadoiro da planta soto con fronte a zona verde pública e rúa peonil da U.A. C.S.-12 (planta baixa á rúa José Novo Freire segundo as licenzas 1300/05, 391/06 e 261/07 agregada con licenza número 205/07 á edificación na rúa Montirón, número 60, con licenza de construción número 25/06, e ampliación da planta baixa, sendo a localización da obra rúa Montirón e rúa José Novo Freire, Unidade de Actuación CS-12.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase declarar a situación de ruína técnica do inmovible número 117 da rúa Nova.

**ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación da obra de mellora na seguridade viaria en Lugo, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade para a contratación da obra de construción de zona axardinada no camiño de Romai (entre os números 15 a 25), e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación das obras de iluminación pública:

praza da Soidade e Antón Fraguas, rúa da Raíña e carril do Hospital, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación do servizo de limpeza e desinfección dos depósitos de cabeceira e regulación da auga de consumo humano.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación da obra de acondicionamento dos pasos peonís do parque do Miño, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación das obras de adaptación dos accesos do edificio administrativo do Concello e a contratación das obras de rexeneración de firmes e pavimentos na rúa Rei Don García.

Do mesmo xeito, acórdase a contratación do subarrendo do piso sito en Serra de Meira, número 68-1º.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Proceder á formalización dos contratos laborais fixos con: un músico (trompeta-fliscorno), un músico segunda parte (fagot), un músico (percusión), un músico primeira parte (fruta), un músico primeira parte (saxofón alto), e un músico solista (saxofón barítono).

Lugo, 11 de decembro de 2008  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García